

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019050	IES de Beade	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura I	1º Bac.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	11
4.1. Concrecións metodolóxicas	72
4.2. Materiais e recursos didácticos	73
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	73
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	74
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	76
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	77
6. Medidas de atención á diversidade	77
7.1. Concreción dos elementos transversais	79
7.2. Actividades complementarias	80
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	81
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	82
9. Outros apartados	84

1. Introducción

A materia de Lingua Galega en primeiro de bacharelato continúa o trazado establecido na etapa anterior; aínda que presenta uns fins determinados de acordo aos obxectivos desta etapa. Por unha banda, preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e, pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos que se abordan en primeiro de bacharelato non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados; pero coa singularidade de que no bacharelato, o desenvolvemento das competencias do alumnado requirirá unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques. En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística. É de vital importancia que neste momento o alumnado repare na realidade lingüística de Galicia, así como no lugar que ocupa o noso idioma no contexto peninsular co propósito de que desenvolva unha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática. O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática. O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a Idade Media e a literatura «Antre dous séculos». E o cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, particularmente, da portuguesa co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e estimular a reflexión interlingüística e sociolingüística

Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

A proposta didáctica que se presenta para primeiro de bacharelato está articulada arredor de catorce unidades didácticas. Abórdanse en todas elas os catro bloques de contidos e están articuladas segundo a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Convén sinalar que cada unidade ten a mesma estrutura: en primeiro lugar presenta os contidos de comunicación e tipoloxía textual; en segundo, prácticas sobre produción textual; en terceiro, contidos de gramática (excepto nas unidades 12, 13 e 14); en cuarto, prácticas de lingua sobre cuestións de ortografía, vocabulario e gramática; en quinto, lingua e sociedade (excepto as unidades 2, 4, 6 e 8); no sexto, literatura; por último, cada unidade inclúe un texto para a súa análise, tanto formal como de contido, así como diferentes tarefas de repaso.

En cada un dos trimestres, o alumnado realizará diferentes tarefas para desenvolver as habilidades comunicativas, tanto oral coma escritas, de xeito individual ou en grupo.

En cada trimestre propórase unha lectura obrigatoria, de diferentes autores e xéneros, que favoreza, ademais da comprensión de contidos da materia, o hábito lector, o interese pola literatura galega, a creación dun criterio estético, unha reflexión e unha opinión propia sobre as temáticas presentadas na obra. Con este fin tamén se proporá ao alumnado unha listaxe de lecturas optativas en cada trimestre.

Por último, se as circunstancias o permiten, realizaranse co alumnado varias saídas didácticas ao longo do curso que

complementen a formación recibida dentro da aula, tales como: visitas á Casas Museo, por exemplo á de Rosalía de Castro, de R. Otero Pedrayo ou M. Curros Enríquez; roteiros literarios...

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UNIDADE 1	as unidades comunicativas (as unidades lingüísticas, as unidades comunicativas, o enunciado, o texto, aspectos pragmáticos da comunicación). Práctica: construír un texto. A comunicación e a linguaxe (a comunicación e a linguaxe, o signo lingüístico, características da linguaxe humana, o uso da linguaxe, a competencia comunicativa e o estudo da linguaxe). Ortografía (o punto e o acento diacrítico I). Do latín ao galego (a latinización, o latín na Península, a aparición do galego-portugués e dos romances peninsulares, do latín ao galego). A literatura e as súas formas (que é a literatura?, verso e prosa, a métrica, os recursos estilísticos e os xéneros literarios). Texto: As linguas como medios de comunicación e algo máis de Jesús Tusón.	7	6	X		
2	UNIDADE 2	Comunicación oral e escrita (formas de comunicación verbal, comunicación oral e comunicación escrita, características da lingua escrita, textos orais e textos escritos). Práctica: preparar unha exposición oral. Unidade e variedade da lingua (a linguaxe e as linguas, as linguas e as variedades lingüísticas, tipos de variedades lingüísticas, a lingua estándar, a lingua oral e a lingua escrita). Ortografía (a coma e o acento diacrítico II). Literatura: a literatura popular (a literatura popular: concepto e características, as narracións populares, a poesía popular, o teatro popular e a valoración da cultura popular). Texto: Por que o "x" é a incógnita? de Terry Moore.	7	6	X		
3	UNIDADE 3	Os textos (definición de texto, as propiedades textuais, as secuencias textuais e os tipos de textos). Práctica: preparar un texto escrito. As clases de palabras e o substantivo (a palabra e as súas clases, o substantivo: definición e o recoñecemento, constituíntes morfolóxicos do substantivo, substantivos simples / derivados / compostos, clasificación semántica dos substantivos comúns, diminutivos e aumentativos, o xénero e o número). Ortografía (o punto e coma, a	7	7	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	UNIDADE 3	acentuación de ditongos e hiatos). O galego na Idade Media (principais características). A literatura na Idade Media (a Idade Media, Galiza na Idade Media, o esplendor de Galiza no séculos XII e XIII, a poesía trobadoresca e a influencia provenzal, o ámbito xeográfico e cronolóxico, os textos conservados, autores e intérpretes do espectáculo trobadoresco). Textos: Sobre o lector e Escribir para unha audiencia de Daniel Cassany.	7	7	X		
4	UNIDADE 4	A narración I (secuencias textuais: a narración, elementos da narración, o tempo nas secuencias narrativas). Práctica: organizar o contido dunha exposición oral. O adxectivo (o adxectivo: definición e recoñecemento, constituíntes morfolóxicos do adxectivo, clasificación e posición dos adxectivos, función dos adxectivos, o xénero, o número, variantes combinatorias, gradación, cuantificación...). Ortografía (os dous puntos e o uso de guión ao final da liña). As cantigas de amor (definición e marcas de xénero da cantiga de amor, o código do amor cortés, a cantiga de amor e a súa relación coa cançó provenzal, os personaxes, características temáticas, características estruturais, procedementos formais, estética e linguaxe da cantiga e variedades da cantiga de amor). Texto: Trindade e Martim Vaz (O Brasil) de Judith Shalansky.	7	7	X		
5	UNIDADE 5	A narración II (o narrador: tipos de narrador, características lingüísticas da narración, características textuais da narración). Práctica: elaborar un mapa conceptual. Artigos demostrativos e posesivos (o artigo: definición e recoñecemento, formas de artigo, usos e funcións do artigo, os pronomes determinantes, o demostrativo, o posesivo, outras formas de posesivo, uso do artigo posesivo). Ortografía (os puntos suspensivos e os apóstrofo). A diversidade lingüística de España (linguas faladas na península Ibérica, o asturiano, o castelán, o aragonés, o catalán, o eúscaro, o aranés). As cantigas de amigo (orixe e definición da cantiga de amigo, marcas de xénero da cantiga de amigo, modalidades do discurso das cantigas de amigo, os temas, os personaxes, modalidades xenéricas, símbolos e natureza, recursos formais...). Texto: Alianzas matrimoniais de Susanna Manrubia e Damián H. Zanette.	7	7		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	UNIDADE 6	A descrición (secuencias textuais: a descrición, o punto de vista da descrición, o retrato, características lingüísticas da descrición, características textuais da descrición). Práctica: identificar as partes dunha exposición oral. Outros pronomes determinantes (outros pronomes determinantes, os cuantificadores numerais, os cuantificadores indefinidos e os identificadores). Ortografía (signos de interrogación e admiración, a diérese). As cantigas de escarnio e maldicir e os xéneros menores (orixe e significado das cantigas satíricas, tipos de cantigas satíricas, clasificación temática das cantigas satíricas, estilo e recursos retóricos das cantigas satíricas, os xéneros menores). Texto: Falo castelán e galego, son máis listo ca ti? artigo de El País (adaptación).	7	8		X	
7	UNIDADE 7	A exposición (a secuencia expositiva, estrutura da secuencia expositiva, características lingüísticas e textuais das secuencias expositivas). Práctica: realizar unha exposición oral en público. O verbo I (o verbo: definición e recoñecemento, función verbal e clases de verbos, as formas amodotemporais, as formas modotemporais, outros usos dos tempos e modos e as perífrases verbais). Ortografía (parénteses e corchetes, os grupos consonánticos <cc> e <ct>). A lusofonía (o nacemento de Portugal, o galego e o portugués, a expansión do portugués, a lusofonía, o galego e a lusofonía). As cantigas de Santa María (a corte literaria de Afonso X, a autoría das cantigas de Santa María, fontes e motivacións das cantigas de Santa María, códigos conservados, tipos de cantigas, temas das cantigas narrativas, métrica e lingua). Texto: A linguaxe e internet de David Crystal.	7	8		X	
8	UNIDADE 8	A argumentación I (a secuencia argumentativa, a argumentación e as situacións comunicativas, estrutura da secuencia argumentativa). Práctica: evitar as repeticións. O verbo II (constituíntes morfolóxicos do verbo, verbos regulares e verbos irregulares, o paradigma da conxugación verbal, alternancias vocálicas no presente, outros trazos salientábeis, paradigma dos verbos, tema de presente, tema de perfecto e outros trazos salientábeis). Ortografía (o guión e a raia, grupos consonánticos <l> e <r>). A prosa e	7	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	UNIDADE 8	o teatro medievais (a prosa medieval: condicionantes históricos, a prosa literaria, o teatro e as representacións medievais). Texto: Galicia como Holanda de Antón Baamonde.	7	8		X	
9	UNIDADE 9	A argumentación II (tipo de argumentos, a efectividade dos argumentos, características lingüísticas da argumentación, características textuais da argumentación). Práctica: revisar un texto escrito. O pronome persoal (o pronome persoal: definición e recoñecemento, o paradigma do pronome persoal, uso de formas tónicas, uso de formas átonas non reflexivas, uso de se e das formas átonas reflexivas, posición dos pronomes). Ortografía (as comiñas, acentuación: verbo + pronome, verbo + artigo). A situación da lingua nos séculos XVI, XVII e XVIII. A literatura nos séculos XVI, XVII e XVIII (O contexto histórico social, a situación da lingua, a decadencia da lírica medieval, a escola galego-castelá, a literatura nos séculos XVI e XVII, a literatura no s. XVIII, traballos e actitudes dos ilustrados con respecto á lingua). Texto: A orixe humilde das linguas grandes de Juan Carlos Moreno Cabrera.	7	8		X	
10	UNIDADE 10	Clasificación das unidades textuais (textos e secuencias textuais, clasificación dos textos, tipos de textos segundo a intención comunicativa, tipos de textos segundo o ámbito de uso, textos literarios e non literarios). Práctica: dar instrucións. Preposicións, conxuncións e relativos (os nexos, as preposicións, as conxuncións e os pronomes relativos). Ortografía (maiúsculas e minúsculas, o acento: interrogativos e exclamativos). A situación da lingua no s. XIX. A literatura no s. XIX. O Rexurdimento (O contexto político e social en Galiza no s. XIX, desenvolvemento do pensamento galeguista, a literatura galega entre 1800 e 1833, o Rexurdimento e Os Precursores. Texto: A procura das orixes da linguaxe de Chrintine Kenneally.	7	8			X
11	UNIDADE 11	Os textos xornalísticos (os textos e os medios de comunicación social, as características dos textos xornalísticos e os xéneros xornalísticos). Práctica: escribir unha entrada nun blog. Os adverbios e as interxeccións (os adverbios, as interxeccións, as onomatopeas e a definición das clases de palabra). Ortografía (abreviaturas, as contraccións	8	8			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	UNIDADE 11	coas preposicións con, de e en). As funcións sociais das linguas (as funcións sociais das linguas, as funcións sociais do galego). Rosalía de Castro (vida, obra, o significado de Cantares gallegos, estrutura e temas de Cantares gallegos, o significado de Follas novas, estrutura e temas de Follas novas, escritos en prosa, a lingua, métrica e recursos estilísticos e as interpretacións da obra de Rosalía). Textos: Valentina, da ferrolá Chelo Loureiro, mellor película de animación nos Premios Goya 2022 artigo en enfoques.gal e Espíanos Alexa? en gciencia.com.	8	8			X
12	UNIDADE 12	Os textos publicitarios (os textos publicitarios, elementos da comunicación publicitaria, as características e os mecanismos da publicidade, algunhas técnicas persuasivas). Práctica: utilizar elementos retóricos na lingua cotiá. Ortografía (tipos e tamaños de letra, as grafías e <v>). O multilingüismo (multilingüismo e bilingüismo, razóns do multilingüismo e consecuencias do multilingüismo). Eduardo Pondal (vida, obra poética, principais liñas temáticas e ideolóxicas da súa poesía, a lingua e o estilo de Pondal, a métrica e o significado da obra de Pondal). Texto: A publicidade, o galego e a "revolución" da retransmisión de Manuel Rivas.	7	8			X
13	UNIDADE 13	Os textos científicos e académicos (a comunicación científica, características dos textos científicos e académicos, propiedades do estilo científico, tipos de textos científicos e académicos). Práctica: elaborar materiais para utilizar nunha presentación. Ortografía (presentación dun traballo, a grafía <h> en posición inicial e intervocálica). Linguas minoritarias e linguas minorizadas (lingua minoritaria fronte a lingua minorizada, o galego, lingua minoritaria?, o galego, lingua minorizada?). Manuel Curros Enríquez (vida, obra, Aires da miña terra, O divino sainete, lingua métrica e estilo da poesía de Curros, significado da obra de Curros). Textos: A desaparición das linguas de Enrique Bernárdez e Actitudes e políticas lingüísticas, documento da UNESCO (adaptación).	8	8			X
14	UNIDADE 14	Os textos e o medio: textos profesionais e administrativos (a comunicación cos poderes públicos, características dos textos xurídicos e administrativos, tipos de textos	7	8			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
14	UNIDADE 14	xurídicos e administrativos). Práctica: axustar a extensión dos enunciados nos textos escritos. Ortografía (revisión e corrección de textos e grafa de estranxeirismos). A diversidade lingüística (as linguas no mundo, as familias lingüísticas, clasificacións tipolóxicas e as linguas en Europa). Outros autores do Rexurdimento (a poesía: seguidores de Rosalía, Pondal e Curros; a prosa e o teatro). Textos: Linguas feas e linguas fermosas de M ^a Pilar Montes de Oca e Perspectivas sobre a gramática e as linguas de Teresa Moure.	7	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UNIDADE 1	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais	Coñece as causas e a cronoloxía da formación do galego como lingua diferenciada do latín, as linguas de substrato e superestrato que participan no proceso, os principais cambios evolutivos, a diferenza entre palabras patrimoniais/cultas/semicultas.	PE	84
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Enriquece progresivamente os textos propios aplicando os coñecementos adquiridos de uso de punto e acentuación.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Analiza a forma e os contido de diferentes textos comprobando a eficacia dos procedementos comunicativos, o xénero e os recursos estilísticos escollidos.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece e identifica de forma argumentada se un texto é literario ou non, o xénero ao que pertence e os recursos estilísticos principais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Diferenza as unidades lingüísticas das unidades comunicativas, identifica enunciados e textos, coñece e identifica os diferentes tipos de signos, coñece as características da linguaxe humana, coñece e identifica os coñecementos que posibilitan a competencia comunicativa.		
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Recoñece e rexeita un uso discriminatorio da lingua.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Resolve de forma dialogada e razoada os conflitos.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica o tema, a estrutura, a información, a función e a intención do emisor en textos orais.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira adecuada nas interaccións orais dentro da aula.		
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o tema, a estrutura, a información, a función e a intención do emisor en textos escritos.	TI	16
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora criticamente a forma e o contido de diferentes textos.		
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Elabora resumos e esquemas sobre os contidos estudados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elabora traballos de investigación de forma autónoma.		
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o tema, a estrutura, a información, a función e a intención do emisor en textos diferentes.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Le obras optativas propostas de forma autónoma.		
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Comparte a opinión sobre as lecturas optativas e obrigatoria.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona; obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Realiza un traballo de investigación previo a unha exposición na aula.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos literarios propios.		
CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos propios para unha autocorrección.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos propios para unha autocorrección.		
CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Participa nas exposicións da aula, amosando interese polos contidos expostos a través de preguntas, dúbidas ou aportacións persoais sobre os temas traballados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica. - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto. - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.

Contidos

- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
2	UNIDADE 2	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica o tema, a estrutura, a información, a función e a intención do emisor en textos orais.	PE	86
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Analiza e comproba a idoneidade de textos orais relacionando o contido coa forma. Coñece e identifica as características da lingua oral.		
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o tema, a estrutura, a información, a función e a intención do emisor en textos escritos. Coñece e identifica as características da lingua escrita.		
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora criticamente a forma e o contido de diferentes textos. Coñece e identifica as variedades diacrónicas, diatópicas, diastráticas e diafásicas da lingua, a variedade estándar, o estándar do galego. Analiza a idoneidade da variante lingüística escollida para unha comunicación efectiva.		
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Enriquece progresivamente os textos propios aplicando os coñecementos adquiridos sobre o uso de coma e acentuación diacrítica.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Analiza a forma e os contido de diferentes textos literarios populares, a eficacia dos procedementos comunicativos, o xénero e os recursos estilísticos escollidos. Coñece e identifica as principais estruturas literarias populares na prosa, na lírica e na produción teatral.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece e identifica as principais características dos textos populares, as principais formas populares da lírica e da narrativa e valora a literatura popular como unha fonte de expresión cultural.		
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Recoñece e rexeita un uso discriminatorio da lingua.	TI	14
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Resolve os conflitos por medio do diálogo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira adecuada nas interaccións orais dentro da aula.		
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Elabora resumos e esquemas sobre os contidos estudados.		
CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elabora traballos de investigación de forma autónoma.		
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o tema, a estrutura, a información, a función e a intención do emisor en textos diferentes.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Le obras optativas propostas de forma autónoma.		
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Comparte a opinión sobre as lecturas optativas e obrigatoria.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona; obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Realiza un traballo de investigación previo a unha exposición na aula.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos literarios propios.		
CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos propios para unha autocorrección.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos propios para unha autocorrección.		
